

Bases para a convocatoria do “*Obradoiro monográfico de creación escénica sobre a Obsolescencia programada*” coa compañía **Ibuprofeno Teatro** no edificio do Antigo Hospicio e a selección do seu alumnado:

1.- O obradoiro será impartido por profesorado cualificado e os destinatarios desta actividade serán as persoas maiores de idade, interesadas en reflexionar sobre a temática “obsolescencia programada” e sobre a creación escénica, que presenten a instancia de solicitude segundo o establecido nestas bases.

2.- Darase formación a un grupo formado, como máximo, por 10 persoas, que presenten a solicitude para participar neste obradoiro, segundo o establecido nestas bases.

. O curso terá unha duración de 20 horas, de luns a venres, en horario de 10.00 horas a 14.00 horas, na semana comprendida entre o día 30 de maio e o día 3 de xuño de 2016.

3.- As ferramentas propias para desenvolver este obradoiro tenas que aportar cada alumno. O Concello unicamente aportará para este obradoiro as instalacións.

4.- As persoas que desexen participar deberán formalizar unha solicitude que estará a súa disposición no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web municipal www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios) unha vez se abra o prazo de inscrición.

Así mesmo, achegarase coa dita solicitude unha carta de presentación contando **quén es e por qué o interese de participar neste obradoiro**.

O período de inscrición será de **10 días hábiles** dende a data de publicación destas Bases na páxina web do Concello e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. **O criterio de admisión** será mediante a selección da carta de presentación e o interese en participar neste curso que será valorada por unha comisión de valoración.

5.- Unha vez elaborada a listaxe de persoas admitidas será publicada e poderá ser consultada na páxina web do Concello www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios).

6.- As persoas admitidas disporán dun prazo de **5 días hábiles**, dende a publicación da listaxe anteriormente citada na páxina web do Concello, para o *pago* do prezo de matrícula que ascende á cantidade de 40 € (Ordenanza xeral reguladora do prezo público de actividades culturais do Concello de Ferrol).

7.- A estes efectos, no negociado de Facenda e Patrimonio deste Concello emitírase a correspondente carta de pago con indicación da conta bancaria de titularidade municipal na que deberán realizar o ingreso, e unha vez realizado dito ingreso presentarán o xustificante bancario no negociado de Cultura dentro do prazo anteriormente indicado.

Se no transcurso deste prazo non se tivese presentado o xustificante de ingreso bancario, considerarase que se renuncia á realización deste curso.

8.- A *comisión de valoración* estará integrada polo concelleiro delegado de Cultura do Concello de Ferrol, un responsable da empresa encargada da coordinación e desenvolvemento da actividade “Fóra do Mapa” e un representante do grupo teatral que vai a impartir obradoiro.

9.- O Concello de Ferrol, despois do remate do obradoiro, non se fará cargo nin custodiará o material con o que traballe o alumnado.

10.- O alumnado deberá asinar todos os días unha folla de asistencia, para que quede constancia da súa presenza, que achegará o profesorado ao remate das actividades.

O concelleiro delegado de Cultura e Ensino,

Jesús Basterrechea López